



Evelyn visita a nosa escola desde Guatemala

Enviado por [admin1](#) [1] o Lun, 11/04/2024 - 15:48

[Curso 24_25](#) [2]

O pasado día 30 de outubro, recibimos no centro a visita de Evelyn, unha das persoas pertencentes á organización [MejorHa](#) [3] de Guatemala. Esta organización traballa pola mellora da calidade de vida da rexións máis desfavorecida do país, apoiando o desenvolvemento local, a través da participación e execución de programas e proxectos de desenvolvemento integral. Ela e algúns compañeiros e compañeiras desta ONG guatemalteca, xa lles amosaran ás mestras Rosa Suárez e Fátima Rodríguez as iniciativas que estaban a desenvolver durante a visita que fixeron este verán ao seu país. Evelyn percorreu o centro, achegouse a coñecer o funcionamento da cociña e do comedor, participou dunha sesión de música e falou co alumnado das tres aulas de 6º de primaria que se amosou moi interesado en coñecer como apoiaba a súa organización ás persoas máis vulnerables en Guatemala. Ademais e en palabras dela, fixeron preguntas interesantísimas.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/628>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://mejorha.net/#quienessomos>